

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ratifica en sentenza a condea a Alu Ibérica

26 de novembro de 2021

A sala do social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) ratifica en sentenza que se vulneraron os dereitos fundamentais dos membros do Comité de Folga e dos sindicatos convocantes na folga iniciada o 26 de decembro de 2021 na empresa polo despedimento dunha compañeira.

O TSXG estima en parte o recurso da empresa á sentenza de primeira instancia onde se condenaba á empresa (Grupo Riesgo) a abonar a cada un dos sindicatos demandantes e cada un dos membros do comité de folga unha indemnización por importe de 6.250 euros, como resarcimento polos danos e prexuízos provocados por tal actividade vulneradora de dereitos. O fallo desta nova sentenza do TSXG é o seguinte:

“Que estimamos en parte o recurso interposto pola representación letrada de Alu Ibérica LC, S.L.; revogamos a sentenza ditada o 2 de marzo de 2021 por Xulgado do Social non 1 dos da Coruña, a instancia dos sindicatos CC. OO., UXT e CIG, e do comité de folga; e, acollendo a demanda formulada, impoñemos o pago por parte da empresa das indemnizacións seguintes:

- 1.500 euros para cada un dos tres sindicatos accionantes en suplicación: CC. OO., UXT e CIG.

- 3.000 euros para cada un dos membros do comité de folga.

Así mesmo, condenamos en costas á empresa Alu Ibérica LC, S.L nos termos recolleitos no fundamento de dereito sexto. Notifíquese a presente resolución ás partes e ao Ministerio Fiscal.”

Devandito o anterior e logo desta nova sentenza do TSXG as asesorías legais dos distintos sindicatos están a valorar a necesidade de recorrer ante o Tribunal Supremo.